


Concello de Tomiño
PONTEVEDRA



tomino@concellos.depontevedra.es

P-3605400-E
Praza do Seixo
Tel 986 622 001
Fax 986 622 530
C.P. 36740

CATALINA ECHEVARRIA BUADES, SECRETARIA CONCELLO DE TOMIÑO (PONTEVEDRA)

CERTIFICO

QUE A XUNTA LOCAL DE GOBERNO ÓRGANO COMPETENTE AO EFECTO, COA DATA DE 25 DE XANEIRO DE 2016 ADOPTOU O SEGUINTE ACORDO

CIRCUÍTO CULTURAL 2016

Có obxectivo de potenciar a difusión cultural a través das actuacións dos grupos folclóricos, musicais etc. do noso municipio, o Concello de Tomiño a traves da XGL aproba as seguintes BASES DO CIRCUITO CULTURAL 2016

Os convenios asinados cos grupos do noso municipio polas actuacións realizadas ao longo do ano 2016 permite a colaboración tanto cos grupos coma coas Comisións de Festas e outros organizadores de festas parroquiais tradicionais, romarías etc.

Como achega á realización de ditos festexos, o Concello de Tomiño retribuirá aos grupos parte dos gastos das actuacións, correspondéndolle os organizadores abonarlle ao grupo a diferenza do prezo establecido a hora da contratación da actuación.

As Comisións de Festas e outras entidades organizadoras deberanse poñer en contacto coas agrupacións que aceptaron participar no Circuito Cultural para contratalas e concretar a data da actuación, sendo exclusivamente un acordo entre as dúas partes. Os grupos deben dispor dun escenario ou marco adecuado, para que estes poidan efectuar a súa actuación sen impedimento ningún. A actuación deberá realizarse sempre dentro do municipio de Tomiño.

Unha vez contratada a actuación, os organizadores darán coñecemento ao Concello de Tomiño mediante unha solicitude cunha antelación superior aos 30 días á celebración das festas. A autorización á petición da actuación solicitada será comunicada pola Concellería de Cultura do Concello de Tomiño.

O pago de dita aportación realizarase polo Concello previa presentación da factura correspondente da Agrupación e unha vez acreditada a súa realización no modelo oficial de xustificación de actuación debidamente cumprimentado, nun prazo máximo de trinta días a contar dende a data da actuación, e como data límite 30 de decembro de 2016 en todo caso, quedando sen efectos se transcorre o dito prazo.

Ningunha Comisión de Festas nin outros organizadores de ditos festexos poderá presentar máis dunha solicitude por evento, aínda que en casos excepcionais o Concello poderá autorizar máis dunha actuación.

No seguinte recadro figuran os tipos de grupos de Tomiño que aceptaron participar no Circuito Cultural así como a retribución económica do Concello por cada actuación:

Banda de Música	400,00 €
------------------------	-----------------



Concello de Tomiño
PONTEVEDRA

P-3605400-E
Praza do Seixo
Tel 986 622 001
Fax 986 622 530
C.P. 36740

tomino@concellos.depontevedra.es

Corais	200,00 €
Bandas de gaitas (con máis de 30 compoñentes)	300,00 €
Grupos de Gaitas	200,00 €
Treboadas	200,00 €
Pandereteiras	150,00 €
Murgas ou Charangas	150,00 €
Grupo de Acordeóns	150,00 €

O Concello de Tomiño facilitaralle as comisións de festas e aos organizadores dos festexos que soliciten información, os contactos dos grupos e das asociacións que aceptaron participar no Circuito Cultural.

E PARA QUE ASI CONSTE SE EXPIDE A PRESENTE CO VISTO E PRACE DA SRA ALCALDE SA COA SALVEDADE DO DISPOSTO NO ARTIGO 206 DO ROF EN :

TOMIÑO, 25 DE XANEIRO DO 2016

Vº e Pr.

A ALCALDESA

ASDO: SANDRA GONZÁLEZ ÁLVAREZ

